



REXURDIMENTO

TEMA 5 DE LITERATURA

REXURDIMENTO

- ⌞ Movemento cultural, social e literario da segunda metade do XIX.
- ⌞ Obxectivos:
 - ↪ Conseguir poder político e administrativo.
 - ↪ Recuperar o idioma.
- ⌞ Período:
 - ↪ Inicio: 1863, publicación de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro (
 - ↪ Fin: 1916, coas Irmandades da Fala.
- ⌞ Principais autores. → conciencia cívica e inquedaanza polo país.
 - ↪ Rosalía de Castro.
 - ↪ Curros Enríquez
 - ↪ Eduardo Pondal

Contexto histórico

- ↯ Inestabilidade política: alternancia no poder entre moderados e progresistas.
- ↯ En Galicia:
 - ↪ Implantación polo poder central das redes caciquís.
 - ↓ Para impoñer os seus intereses.
 - ↓ Para perpetuar o sistema foral (rendible para a fidalguía e o clero).
 - ↪ Empobrecemento das clases populares
 - ↓ Provoca emigración para mellorar.
 - ↪ Burguesía foránea que crea as primeiras industrias e fábricas de salgaduras (conserveiras).
 - ↓ Menos desenvolvemento industrial que no resto do Estado.

Situación da cultura e da lingua

- ↯ Primeira metade do século XIX: aparecen os primeiros textos en galego en publicacións periódicas.
- ↯ Arredor de 1870: primeiros xornais e revistas integramente en galego.
 - ↪ O Tío Marcos da Portela.
 - ↪ A Monteira.
- ↯ Publícanse as primeiras historias de Galicia (de Benito Vicetto e M. Murguía).
- ↯ Publícanse as primeiras gramáticas (de Saco e Arce).
- ↯ Publícanse os primeiros dicionarios (o de Marcial Valladares).
- ↯ Nacen as primeiras editoriais galegas (Librería gallega, Biblioteca gallega)

O galeguismo. Nacemento e evolución

Movemento político para recuperar a identidade galega e atribuírlle poder político.

1. **Provincialismo** (1840-1868): reclaman que Galicia sexa unha provincia única.
2. **Federalismo** (1868-1881) (parello a País Vasco e Cataluña). Redactan o “Proxecto de constitución para o Estado Galaico”.
3. **Rexionalismo** (1881-1916) (parello a País Vasco e Cataluña).
 - ← Corrente liberal, progresista: apoio ao Rexurdimento. Liderada por **Manuel Murguía**.
 - ← Corrente tradicionalista, conservadora: convate o centralismo. Liderada por **Alfredo Brañas**.
4. **Nacionalismo** (1916, Irmandades da Fala). Consideran a Galicia como nación con dereitos políticos.
 - ← Conseguiron a aprobación do Estatuto de Autonomía vinte días antes do golpe de estado de Franco.